

ENFIANDO

PONTE NAS ONDAS: UNHA INICIATIVA NECESARIA

Texto Francisco
Fernández Naval
Escritor



Na imaxe superior, ponte vella sobre o río Miño en Tui. Abaixo, vista do arsenal de Ferrol, que opta, xunto cos castelos da ría, a obter o título de patrimonio mundial



Hai varias semanas, nas páxinas do primeiro número de Nordesia, ó falar de Xaquín Lorenzo, a quen este ano se lle dedica a festividade das Letras Galegas, expresaba o temor de que esta celebración non fora aproveitada pola sociedade galega para reflexionar sobre o presente e o futuro da nosa cultura tradicional, utilizando a figura de Xocas para propiciar un debate necesario, nun momento crítico para todas as culturas tradicionais e tamén, por suposto, para a nosa.

Neste contexto hai que celebrar a iniciativa da Asociación Ponte nas Ondas, que reúne a varias decenas de centros de ensino de Galicia e norte de Portugal e que vén de propoñer a presentación diante da Unesco do recoñecemento do patrimonio da cultura tradicional in-

A sociedade galega mobilizouse cando a cidade de Lugo a requeriou para apoiar a candidatura da súa muralla como Patrimonio Material da Humanidade, proposta que tivo unha resolución feliz e que a todos nos encheu de orgullo. Trátase agora de apoiar outra iniciativa que non afecta a unha parte do noso patrimonio material ou natural, quizais o que mellor se ve, senón que afecta ó conxunto da nosa cultura espiritual, á esencia e cerna do noso ser. A cultura espiritual dunha colectividade é a súa máis importante expresión, xa que recolle o sentir máis fondo da mesma, manifestación da súa riqueza, diversidade e vitalidade. Se cadra non sería excesivo afirmar que a cultura de tradición oral é a proba máis radical da existencia do home.

O mito, o conto, a lenda, o refraneiro, a festa, a danza, a relación coa vida e coa morte, os ciclos da natureza, explican o mundo a través de códigos que representan o ser e a memoria dunha colectividade que se identifica como tal. Esa identificación diferenciadora é consecuencia da intelixencia histórica e social que o pobo posúe sobre si mesmo, tal e como ten analizado a profesora Perla Petrich.

Dende o punto de vista histórico, a creación da distinción de Obra Mestra do Patrimonio Oral e Inmaterial da Humanidade, ten a súa orixe nunha proposta realizada polo escritor Juan Goytisolo, solicitando este recoñecemento para a praza Xermá el Faná da cidade de Marrakech, onde se desenvolven manifestacións culturais orais, de fonda raigame tradicional, que chegaron a estar ameazadas praza e oralidade por un proxecto urbanístico de carácter especulativo. Iniciado o camiño, foron outros os elementos

patrimoniais que mereceron este recoñecemento por parte da Unesco: os cánticos do Báltico, o misterio de Elxe, o carnaval de Oruro en Perú e o de Cinche en Bélxica, entre outras manifestacións. Nunha parede da sala D da Consellería de Presidencia na que se celebra ás veces o Consello da Xunta, dous certificados asinados polo Director Xeral da Unesco acreditan a inclusión no listado de patrimonio mundial do Camiño Xacobeo e da Muralla de Lugo. Sería importante que a partir do próximo ano a mesma parede acollese un novo certificado, esta vez refirido ó patrimonio inmaterial que compartimos co norte de Portugal, e que gozo para todos que xunto a eles estivera tamén o recoñecemento de patrimonio da humanidade para o Arsenal e os castelos da ría de Ferrol e para a Ribeira Sacra.

A proposta que nos fai Ponte nas Ondas deberá ser presentada na sede da Unesco antes do día 30 de setembro deste ano. Como aconteceu cando foi das anteriores, o organismo internacional responderá de maneira afirmativa ou negativa, en función do apoio expresado pola sociedade civil á iniciativa. Por iso faise necesario que asociacións culturais, de veciños, organizacións deportivas ou profesionais, manifesten o seu apoio público á proposta. Compre tamén que os concellos e deputacións acorden apoiar a iniciativa e que os gobernos da Xunta de Galicia, así como os do estado español e portugués decidan darlle pulo, xa que son eles quen deben presentala.

Este apoio será a mellor homenaxe que ofrecer a Xaquín Lorenzo e sobre todo, a todos e cada un de nós.

(Para máis información é posible dirixirse ó correo electrónico: santiveloso@telefonica.net)



material do norte de Portugal e de Galicia, como Patrimonio Inmaterial da Humanidade.